

SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A FUNDACIÓN EMPRESA-UNIVERSIDAD GALLEGA (FEUGA) PARA A INCLUSIÓN NO SISTEMA DA SEGURIDADE SOCIAL DO ALUMNADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL E DE ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL NO PERIODO DE FORMACIÓN EN EMPRESA U ORGANISMO EQUIPARADO

Santiago de compostela, 30 de xuño de 2025

REUNIDOS

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e nos Decretos 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia.

E doutra, en representación de FUNDACIÓN EMPRESA-UNIVERSIDAD GALLEGA (FEUGA), con domicilio social en Santiago de Compostela e C.I.F. G15051667, don Francisco Javier Pereiro Pérez, director xeral, con poder suficiente para este acto, en virtude de escritura pública nº 963 outorgada o 19 de outubro do 2.009, ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia, con residencia en Ferrol dona Susana Ortega Fernández.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das facultades que en nome das entidades que representan teñen conferidas e,

EXPOÑEN

1. Que o dezanove de abril de 2024 asinouse un convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Fundación Empresa-Universidad Gallega (FEUGA) para a inclusión no sistema da Seguridade Social do alumnado de formación profesional e de ensinanzas de réxime especial no período de formación en empresa u organismo equiparado.
2. Que o obxecto deste convenio é a colaboración entre as partes para dar cumprimento ao establecido na disposición adicional quincuaxésima segunda do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, sobre inclusión no sistema da Seguridade Social do alumnado que realice prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación de ensinanzas de formación profesional e de ensinanzas de réxime especial.
3. Que o dezoito de decembro de 2024 asinouse unha addenda ao mencionado convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Fundación Empresa-Universidad Gallega (FEUGA) para a inclusión no sistema da Seguridade Social do alumnado de formación profesional e de ensinanzas de réxime especial no período de formación en empresa u organismo equiparado, incrementando a achega inicialmente prevista para o exercicio 2024 como consecuencia do incremento do número de alumnado que finalmente realizou formación práctica en empresa ao longo do ano 2024. Con esta addenda prorrogouse a duración do convenio ata o 30 de xuño de 2025, incluíndo a xestión e o pago da cotización na Seguridade Social do alumnado que realice prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación de ensinanzas de formación profesional e de ensinanzas de réxime especial entre o 1 de xaneiro do 2025 e o 30 de xuño de 2025.
4. Que é preciso dar continuidade ao convenio asinado co fin de facer fronte á inclusión no sistema da Seguridade Social do alumnado de formación profesional e de ensinanzas de réxime especial que leve a cabo no segundo semestre do ano 2025 e ao longo do ano 2026 formación en empresa u organismo equiparado.

5. Que no artigo 4 do convenio asinado o dezanove de abril de 2024, establecíase que "*O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2024, podendo prorrogarse, por acordo das partes mediante a addenda correspondente.*"

Por todo o exposto, as partes comparecentes xúlganse con capacidade suficiente para asinar, na representación que ostentan, a presente segunda addenda ao convenio de colaboración, levándoa a efecto con suxeición as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto da segunda addenda

O obxecto desta segunda addenda é prorrogar a duración do convenio ata o 31 de decembro de 2026.

Segunda. Compromisos das partes

Por parte de FEUGA:

- Seguirá encargándose da Xestión integral das actuacións necesarias para garantir a cotización na Seguridade Social do alumnado de formación profesional e de ensinanzas de réxime especial que realice prácticas formativas en empresas, ata o 31 de decembro de 2026 nos termos acordados no convenio asinado o dezanove de abril de 2024.

Por parte da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional:

- Seguirá desempeñando as funcións acordadas para dar cumprimento ao establecido na disposición adicional quincuaxésima segunda (DA52ª), do Real Decreto- Lei 2/2023, sobre a inclusión no sistema de Seguridade Social do alumnado que realice prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación.

- En base ao anterior, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional achegará a FEUGA no segundo semestre de 2025 un importe de 203.477,00 €, con cargo ao concepto orzamentario 07.04.422M.640.12 (proxecto 2024 00197) para a xestión e o pago da cotización na Seguridade Social do alumnado que realice prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación de ensinanzas de formación profesional e de ensinanzas de réxime especial desde o 1 de xullo ata o 31 de decembro de 2025. Deste importe, estímase que 113.023,64 € sexan destinados ao pago das cotas da Seguridade Social (e de pagos delegados derivados de accidentes laborais), e o resto para sufragar os gastos de xestión.
- Para o exercicio 2026 a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional achegará a FEUGA un importe de 1.043.256,00 € con cargo ao concepto orzamentario 07.04.422M.640.12 (proxecto 2024 00197) para a xestión e o pago da cotización na Seguridade Social do alumnado que realice prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación de ensinanzas de formación profesional e de ensinanzas de réxime especial a partir do 1 de xaneiro do 2026 e ata o 31 de decembro de 2026. Deste importe, estímase que 561.436,00 € sexan destinados ao pago das cotas da Seguridade Social e o resto a sufragar os gastos de xestión.

Estes importes calculáronse estimando que serán 4.500 o número de alumnos/as que realizarán a fase de formación en empresa ou organismo equiparado durante o segundo semestre do ano 2025 e 20.000 o número de alumnos/as que realizarán a mencionada formación ao longo do ano 2026; alumnos/as que deben ser incluídos no sistema da Seguridade Social, considerando as cotas de cotización así como os custes de xestión asociados, cunha duración estimada de 410 horas por alumno no segundo semestre do ano 2025 e 500 horas por alumno no ano 2026.

No caso de que a partida consignada resultase insuficiente por superarse o número de alumnado que debe ser dado de alta na Seguridade Social, por modificación nas contías das cotas de cotización á Seguridade Social, ou por calquera outra modificación do procedemento ou circunstancias diferentes ás establecidas para o cálculo estimado, debidamente xustificada, asinarase a addenda correspondente coa finalidade de actualizar o importe; sempre e cando exista crédito suficiente.

O importe dos custos de cotización e xestión, será abonado en seis pagos (nos meses de outubro de 2025 e xaneiro de 2026 con cargo aos orzamentos do ano 2025, e nos meses de abril, xullo e outubro de 2026 e xaneiro de 2027 con cargo aos orzamentos do ano 2026), unha vez recibidos os informes de execución e seguimento por parte de FEUGA, así como unha relación detallada dos gastos, nos que incorra no desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio. FEUGA achegará xustificantes de gastos e pagamentos realizados derivados das actuacións deste convenio, e certificación que acredite os costes indirectos asociados ás actividades obxecto deste convenio. Unha vez realizada a comprobación dos datos, por parte da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional procederase ao correspondente pagamento en base a xustificación presentada, que en ningún caso poderá supoñer lucro para a entidade.

Terceira. Vixencia da segunda addenda

Esta segunda addenda entrará en vigor na data da súa sinatura, e estará en vigor ata o 31 de decembro de 2026.

E, en proba de conformidade co exposto, as partes asinan esta addenda na data da súa sinatura dixital.

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional



Román Rodríguez González

O director xeral da Fundación Empresa-Universidad Gallega (FEUGA)

Francisco Javier Pereiro Pérez